

MARIA HELENA ZAPICO BARBEITO

Materiais curriculares e percepción social da vellez

Dúas realidades estreitamente vinculadas

*Textbooks and old Age social perception
Two closely related realities*

Resumo: Hoxe en día seguen a persistir e a reforzarse socialmente numerosos estereotipos negativos ó redor do colectivo das persoas maiores, respecto á súa capacidade para traballar, relacionarse, desprazarse, vivir nas mesmas condicións de igualdade que o resto dos cidadáns... Preconcepcións negativas de toda índole que se van adherindo á nosa cultura por efecto da súa transmisión e potenciación dende diferentes ámbitos: o marco das administracións, os medios de comunicación, a internet, as institucións sociais, o mundo sociorrelacional da persoa, o eido familiar ou mesmo o universo escolar. Dende unha perspectiva didáctica, cómpre facer por tanto especial fincapé no valor que os materiais curriculares impresos (os libros de texto) posúen dentro dos procesos de construción de actitudes cara a vellez por parte das xeracións máis novas, en tanto que se erixen en vehículos fundamentais de transmisión de contidos nos procesos de ensino-aprendizaxe. Non podemos eludir, pois, a importancia fundamental e o valor ineludible da formación e a educación como xeradoras de actitudes e valores cara o avellentamento, debendo loitar por unha educación que transmita concepcións realistas e revalorizadoras da vellez.

Palabras-clave: vellez; educación; materiais curriculares; conceptualización social; estereotipos.

Abstract: Nowadays there are a lot of negative stereotypes towards the old people surviving and reinforcing: on their ability to work, to have relations, to move, to live in the same way as the rest of the people... Negative prejudices of all type added to our culture by transmission and reinforcement since a lot of areas: administration, media, Internet, social institutions, relationships, family or even school. Since a didactic point of view, we ought to stand out on the role played by the textbooks on the construction of attitudes towards old age by the younger generations, as textbooks are a fundamental transmitter of contents in the education process. We cannot avoid the great significance of training and education as generators of attitudes and values towards old age, and we have to fight for an education with a real and revalued conception of old people.

Keywords: *old age; education; text books; social perception; stereotypes.*

A MODO DE INTRODUCCIÓN

«Nas democracias occidentais o envellecemento da poboación formula unha nova cuestión. É o "Monte Everest" dos problemas sociais actuais [...]. Non só as persoas maiores son moito máis numerosas que antes, senón que xa non se integran espontaneamente en sociedade...»

(Simone de Beauvoir, A vellez, 1983)

A sociedade está a cambiar. A vellez está a cambiar, en canto ás novas posibilidades que ofrece, como etapa máis do período vital susceptible de ser vivida de xeito pleno, estimulante, autorrealizador. E as percepcións sociais sobre a vellez están a mudar ou, cando menos, deberían facelo ó ritmo das transformacións sociais que acompañan ó proceso de envellecemento. Pero, realmente, que pensa a sociedade española dos seus maiores? Que actitudes presentan ante eles e, consecuentemente, que tipo de trato son susceptibles de dirixirilles? E, o que para nós é aínda máis importante dende a perspectiva educativa, estarase a perpetuar esa determinada imaxe -positiva ou negativa- da vellez a través das escolas e, moi especialmente, a través dos vehículos transmisores de coñecementos máis frecuentemente empregados no seo das mesmas por parte dos docentes, isto é, os libros de texto?... Estes serán algúns dos interrogantes ós que aspiramos poder dar resposta no futuro, na liña de indagación que levamos desenvolvendo dende fai uns anos no seo do Departamento de Didáctica e Organización Escolar da USC.

Dado que, por tanto, precisamos achegarnos á descrición do amplo abano de percepcións sociais existentes en torno á vellez, coidamos necesario analizar neste artigo tal cuestión clave recorrendo ós diversos -e moitas veces heteroxéneos, non coincidentes e mesmo contraditorios- resultados acadados por diferentes autores no campo da Xerontoloxía e a Socioloxía. Así, temos centrado moi especialmente as nosas pescudas nos traballos desenvolto a ese respecto por autores coma Bazo (1992b), Santamarina (2002), Fernández Ballesteros (1992) ou Vega e Bueno (1995), entre outros, cuxos resultados de investigación respecto da imaxe social da vellez iremos analizando ó longo da primeira parte desta comunicación. O noso obxectivo non é outro, que o de tentar obter unha visión global, e o suficientemente completa e complexa, que nos permita chegar a comprender nalgunhas das súas dimensións as percepcións e imaxes que, en torno á vellez, ó proceso de envellecemento e ó colectivo das persoas maiores, posúen os membros da sociedade española (e, por ende, da galega), a fin de estar en condicións de contrastar -chegado o momento- ditas imaxes sociais coas descricións da vellez transmitidas dende os materiais curriculares empregados nas aulas gale-

gas (meta última a cuxo logro vai dirixida a devandita investigación, especialmente materializada na miña Tese de Doutoramento).

Nese senso, na segunda parte do artigo mergullarémonos no descubrimento dos porqués que xustifican o noso interese pola análise dos materiais curriculares impresos –os libros de texto– como ferramentas transmisoras de determinadas percepcións e imaxes do avellentamento. Recursos didácticos que resulta preciso tomar en consideración nos procesos de construción de conceptos, valores e actitudes dos cativos e cativas en torno á vellez e ós seus maiores.

PERCEPCIÓNS SOCIAIS Ó REDOR DO CONCEPTO DE VELLEZ UNHA ANÁLISE NECESARIA

Ó afondar na literatura xerontolóxica e sociolóxica, resulta ben frecuente atoparse co estereotipo, socialmente compartido, de que os cambios que se producen durante a vellez son exclusivamente negativos. É dicir, que se cre que tales cambios consisten fundamentalmente en ir perdendo o conxunto de habilidades e capacidades que se adquiriran durante a xuventude e a idade adulta. Moitas veces, esta clase de crenzas descéllanse directamente á defensa da «teoría da desvinculación ou o descompromiso» (Cummings e Henry, 1961, cit. por García Martínez e Del Cerro del Valle, 1996) segundo a cal o ancián/á, debido ó seu progresivo deterioro biolóxico, tende a retirarse e afastarse voluntariamente da integración social, desvinculándose ata chegar ó illamento. Sen dúbida, este tipo de teorías contribúen a desenvolver e expandir unha visión negativa e falsa da vellez, lexitimando o descompromiso da sociedade con respecto ás persoas maiores, así coma tamén o descompromiso destes últimos con respecto á sociedade, negando a posibilidade de que os anciáns/ás podan desempeñar o papel activo e produtivo de actores sociais que lles corresponde por dereito.

Na mesma liña limitadora e estigmatizadora da figura do ancián/á, sitúanse igualmente as crenzas vencelladas á chamada *teoría do deterioro, do declive ou do déficit*, que poría especial énfase na perda xeral de facultades que supostamente se produce co proceso de envellecemento, «caracterizado pola involución», chegando incluso a concibir ás persoas maiores como «individuos carentes da sabedoría que tradicionalmente se lles recoñecía e como persoas que teñen perdido a súa afectividade», e mesmo as súas capacidades de relación social, tal e como denuncia Medina Fernández (1997:141). As crenzas ou estereotipos negativos sobre a vellez constitúen, segundo este mesmo autor, un correlato lóxico das concepcións sobre o desenvolvemento e a adultez, na medida en que as mesmas teñen a súa orixe en investigacións de carácter médico e psicométrico, que tradicionalmente asociaban á vellez con estados patolóxicos

e que, dende o punto de vista psicolóxico, a identificaban cun «período con dificultades para a adaptación e para a asimilación de novos contidos; unha época caracterizada polo esquecemento ou por actitudes como irritabilidade, porfía, etc.» (Medina Fernández, 1997:140). A vellez foi así considerada durante moito tempo como sinónimo de enfermidade, incapacidade, teimosía ou rixidez, e aínda que estas concepcións foron cambiando a medida que xurdían investigacións que demostraban o contrario, foi estendéndose socialmente a crenza (que aínda hoxe persiste a miúdo) de que as persoas maiores se caracterizan pola incapacidade para o cambio, a perda de memoria, a imposibilidade de aprender ou producir, etc.

Así, tal e como sinalan Vega e Bueno (1995), existen numerosos prexuízos negativos sobre as persoas maiores que son compartidos por elas mesmas, polos profesionais que as atenden e polas persoas doutras xeracións. Lamentablemente, esta clase de estereotipos, moitas veces carentes de fundamento, están a ter unha gran vixencia social, sendo preciso atallar a súa expansión a través de diferentes medios, mesmamente na escola, a través da inclusión do maior en actividades, propostas e dinámicas interxeracionais, empregando así mesmo recursos didácticos - tales coma os libros de texto- como transmisores dunha imaxe positivamente renovada das persoas maiores. Kart (1990, cit. por Vega e Bueno, 1995:19) identificou algúns deses prexuízos máis frecuentes existentes ó redor das persoas maiores:

Táboa 1. Listado de mitos e estereotipos socialmente imperantes sobre a vellez segundo Kart (1990)

- A senilidade acompaña inevitablemente á idade.
- A maior parte das persoas maiores atópanse illadas da súa familia.
- A maioría das persoas maiores teñen mala saúde.
- As persoas maiores soen ser vítimas de crimes máis frecuentemente que os mozos.
- A maioría das persoas maiores son pobres.
- As pensións son a principal causa de déficit da seguridade social.
- Os traballadores maiores son menos produtivos que os novos.
- As persoas maiores xubiláanse a causa da súa mala saúde ou da proximidade á morte.
- As persoas maiores non teñen nin capacidade, nin interese nas re-lacións sexuais.

Ó noso entender, estar de acordo con calquera deses enunciados suporía posuír unha concepción trabucada ou, cando menos, sensiblemente optimizable sobre as persoas maiores e sobre o proceso de envellecemento; se ben algunha de tales afirmacións podería ser certa nalgúns casos, sendo sen embargo imposible xeneralizar, na medida en que a vellez constitúe indefectiblemente unha etapa vital na que a heteroxeneidade e a variabilidade interindividual alcanzan o seu punto máximo.

No estudio realizado por Fernández-Ballesteros (1992) sobre os mitos que existen en torno á vellez na sociedade española, recóllese que o estereotipo máis estendido en España é que “a vellez é o momento de descansar despois de toda unha vida dedicada ó traballo”, é dicir, que se mantén unha idea de ancianidade estreitamente vencellada á pasividade. Entre os mitos estudados predomina, en xeral, unha visión negativa do envellecemento, moito máis acentuada -paradoxalmente- entre as propias persoas maiores. Vemos pois como a concepción que existe na sociedade sobre o envellecemento -e que tal vez se estea a perpetuar nos materiais curriculares empregados nas nosas aulas- non sempre coincide cos datos cientificamente aceptados ó redor de tal período vital. Así, Dychtwald e Leach (1990, cit. en Ministerio de Asuntos Sociales, 1991:11) sinalan cómo os investigadores de mercados, chegaron á conclusión de que hai a lo menos seis estereotipos acerca da poboación maior que teñen condicionado o comportamento das empresas ó planificar as súas estratexias de mercado, e que non se sosteñen dende a evidencia empírica:

«As persoas que cumpriron sesenta e cinco anos son “vello/as”. A maioría dos anciáns/ás teñen mala saúde. O rendemento intelectual dun ancián/á non é comparable ó dunha persoa nova. As persoas maiores son improdutivas. Os anciáns/ás non son nin se senten atractivos. Todos os anciáns/ás parécense» (Dychtwald e Leach, 1990, cit. en Ministerio de Asuntos Sociales, 1991:11).

Estes estereotipos, que se atopan na raíz da maior parte das valoracións pesimistas do envellecemento demográfico, e que «non se explican polo descoñecemento, senón que tenden a perpetuarse ó consolidar unha visión acrítica, que se acepta por válida, coa incerteza que lle presta a súa propia obviedade» (Ministerio de Asuntos Sociales, 1990:22), deberían ser “desterrados” dos medios sociais e substituídos por concepcións realistas, positivas e vitalistas do colectivo de persoas maiores, entendendo o envellecemento como un proceso que dura toda a vida e que, ademais de ser un símbolo de experiencia e sabedoría, pode servir para que o ser humano se achegue máis á súa realización persoal, de acordo coas súas crenzas e aspiracións.

Nesta mesma liña, non podemos obviar as achegas que nos proporcionan Fernández-Ballesteros e outros (1992) en torno á percepción social xeral da vellez, conscientes de que o saber popular está cheo de ditos e imaxes que equiparan ou relacionan a vellez cunha infinidade de déficits, deterioros, perdas e limitacións de carácter físico, psicolóxico e social. Parecendo demostrada a existencia dunha serie de imaxes e percepcións negativas sobre a vellez, e existindo evidencia empírica de que tales imaxes parten ou se basean en falsas crenzas sobre o envellecemento, Fernández-Ballesteros e outros (1992) decidiron indagar nalgunhas de tales

optimizables percepcións, empregando para iso unha enquisa constituída por vinte preguntas, a través das cales se pretendía cubrir as áreas da *saúde*, das *disfuncións cognitivas* ou *intelectuais* atribuídas á vellez, a área *motivacional-social*, dos aspectos do *funcionamento motor*, a *personalidade* e o *carácter*, a do *traballo* e da *xubilación*, adaptando para iso o estudo de Montorio e Izal (1991). Velaquí un cadro no que se recollen as diferentes cuestións integrantes da enquisa de Fernández-Ballesteros e outros (1992:85), que nos axudarán a obter unha idea clara e detallada do tipo de atribucións negativas que en torno á vellez poden seguir existindo na nosa sociedade e que cumpriría analizar en relación á súa posible presenza no contido dos materiais curriculares empregados nas escolas.

Táboa 2. Cuestionario de estereotipos cara a vellez, adaptado por Fernández-Ballesteros e outros (1992:85) a partir da proposta de Montorio e Izal (1991)

«A maior parte dos adultos manteñen un nivel de saúde aceptable ata os 65 anos aproximadamente, en que se produce un forte deterioro da saúde.»
«A maior parte das persoas maiores de 65 anos teñen unha serie de incapacidades que as fan depender dos demais.»
«A maior parte das persoas, cando chegan ós 65 anos, aproximadamente, comezan a ter un considerable deterioro da memoria.»
«É case imposible que as persoas maiores poidan aprender cousas novas.»
«A medida que as persoas fanse maiores, vólvense máis rixidas e inflexibles.»
«A medida que as persoas fanse maiores son menos activas.»
«En xeral, as persoas maiores son menos responsables que os adultos mozos.»
«É conveniente para as persoas maiores xubilarse entre os sesenta e os sesenta e cinco anos.»
«As persoas maiores teñen menos amigos que as persoas máis novas.»
«As persoas maiores teñen menos interese polo sexo.»
«Dado que o traballo é algo moi importante para as persoas, é moi probable que a xubilación cause serios trastornos psicolóxicos.»
«A medida que nos facemos maiores perdemos a capacidade de resolver problemas.»
«As persoas maiores son, en moitas ocasións, como nenos.»
«A medida que nos facemos maiores perdemos o interese polas cousas.»
«Os defectos da xente agudízanse coa idade.»
«As persoas maiores irríntanse con facilidade e son rabudos.»
«A vellez é o momento de descansar despois de toda unha vida dedicada ó traballo.»
«O exercicio físico non é recomendable para as persoas maiores.»
«Case ningunha persoa maior de 65 anos realiza un traballo tan ben como o faría outra máis nova.»
«Unha gran parte das persoas maiores de sesenta e cinco anos chochean.»

Dos resultados do estudo realizado polos devanditos autores -cunha mostra representativa da poboación española de diferentes comunidades

autónomas e municipios, e de idades comprendidas entre os dezaioito e os noventa anos-, despréndese que a maior parte dos suxeitos consultados están de acordo coas afirmacións negativamente estereotipadas respecto da vellez e das persoas maiores, a excepción das cuestións número catro, sete e nove (vencelladas, respectivamente, coa ausencia de capacidade de aprendizaxe, de responsabilidade e de habilidades para o mantemento de amizades por parte dos maiores) coas que unha maioría dos enquisados parecen amosarse en claro desacordo, motivo polo cal optamos por marcar dun xeito diferenciado tales ítems no cadro anteriormente recollido.

Resulta, ó noso entender, certamente notorio, transcendente e reprochable, o feito de que a meirande parte das afirmacións listadas -que conteñen percepcións negativas sobre o avellentamento- sexan asumidas pola maioría da poboación, estando sostidas ditas imaxes sobre a vellez por dous terzos dos suxeitos enquisados, que virían a concibir ás persoas maiores de sesenta e cinco anos como aquelas *carentes de saúde, con discapacidades físicas, con problemas de memoria, que non saben resolver problemas, pouco activas, rixidas e inflexibles, con defectos acusados*, mesmo "rabudas" e, en definitiva, ás que sería aplicable o dito "son coma nenos" (Fernández-Ballesteros e outros, 1992). É de común aceptación, así mesmo, que a vellez é o *momento de descansar despois de toda unha vida de traballo* e, se ben se pensa que a xubilación *carrea trastornos psicolóxicos*, a maioría dos enquisados opinan, paradoxalmente, que esta debe *anticiparse entre os sesenta e os sesenta e cinco anos*.

Nesa mesma liña de detección de percepcións sociais negativas sobre os maiores situáranse, cos resultados dos seus estudos, autores coma Salvarezza (1998, 27-51), quen considera que hai que entender o «imixinario social como unha cuestión colectiva [...] dentro do cal teñen lugar preponderante os prexuízos», sendo preciso partir dun suposto para el incuestionable, a saber, «que na sociedade existe unha actitude de discriminación e segregación cara a poboación vella que se denomina "vellismo" [estando tal conduta sustentada] fundamentalmente na utilización de prexuízos sen os cales perdería o seu soporte operacional». Precisamente nese punto coinciden Rubio e outros (1999) quen, na súa investigación con mozos/as españois e chilenos, expoñen que un dos elementos esenciais na construción social da vellez radica na representación social desa etapa como un *periodo de deterioro e involución*, de xeito que, a pesar de existir unha máis que suficiente información que o desminte, a imaxe social da lonxevidade segue a ser *maioritariamente deficitaria e fortemente asociada ós estereotipos clásicos de declive e perda de capacidades funcionais*.

Non podemos esquecer, sen embargo, que esta visión negativa vese matizada no caso dos resultados acadados por Fernández-Ballesteros

(1992), por canto corroborou tamén a existencia dunha maioría de suxeitos que consideran que as persoas maiores son *capaces de aprender*, son tan *responsables coma os máis novos* e poden *ter amigos como noutras idades da vida*, polo que nestes tres casos, os enquisados estarían a manifestarse en contra do estereotipo. Cumpriría destacar, asemade, que na devandita investigación comprobouse que tal visión negativa sobre a vellez acentúase en función do sexo (sendo as mulleres as que parecen percibir a vellez máis negativamente), a idade (sendo curiosamente os máis vellos os que parecen posuír unha peor imaxe da vellez que os máis novos), o estado civil (os viúvos asemellan presentar unha opinión máis negativa que os solteiros e casados), e o nivel educativo e a clase social (as clases sociais e niveis educativos máis baixos parecen presentar unha consideración máis negativa sobre a vellez que as máis altas).

Precisamente respecto a este derradeiro factor descuberto na investigación de Fernández-Ballesteros e outros (1992) gustaríanos destacar a importancia que ten para nós o feito de que, a maior nivel educativo, mellor percepción posúan os enquisados en relación ós seus maiores e á vellez, na medida en que viríase a reforzar, en certo sentido, a nosa convicción respecto da importancia fundamental e o valor ineludible da formación e a educación como xeradoras de actitudes e concepcións máis realistas sobre o proceso de envellecemento e o colectivo das persoas maiores. O certo é que atribuír ós maiores de sesenta e cinco anos toda unha serie de enfermidades, discapacidades físicas e intelectuais, e inadecuacións de personalidade e carácter -como parece facer unha gran proporción da poboación española- comporta un claro erro de *sobrexeneralización de información real* percibida sobre a vellez, podéndose converter en factores *coadxuvantes de inadecuacións e discapacidades* na vellez, e mesmo actuar como *profecías* con tendencia ó *autocumprimento* (Fernández-Ballesteros, 1992), resultando pois transcendental -por eses e outros motivos- loitar por unha educación que transmita concepcións realistas e revalorizadoras da vellez. Asemade, coincidimos coa devandita autora ó asegurar que as crenzas, os estereotipos e as actitudes que un grupo social mantén sobre un fenómeno son sensiblemente máis difíciles de modificar que os datos e feitos que as avalan. E de aí a crucial importancia da transmisión dunha serie de valores e actitudes que favorezan unha percepción realista da vellez e fuxan dos estereotipos socialmente admitidos ó seu redor, baseándose e sosténdose real e ferreamente sobre piares sólidos de coñecemento e racionalidade.

A percepción do segmento infanto-xuvenil en torno ó avellentamento

A pesar de que xa temos obtido unha idea global da imaxe que a sociedade española posúe respecto da vellez e os maiores, coidamos necesario, sen embargo, efectuar un afondamento máis amplo e preciso no universo

das percepcións que os diferentes colectivos de idade (e moi especialmente os segmentos máis novos da sociedade) amosan en relación ás persoas maiores, dado que é a eses segmentos de idade cara onde vai especialmente dirixido o noso labor educativo, por ser eles os destinatarios primordiais dos materiais curriculares empregados nos centros educativos e que teñen sido, son ou serán obxecto de análise pola nosa parte. A fin de obter unha visión máis minuciosa deses datos que para nós entrañan un fondo interese, pasaremos a analizar os resultados acadados por Santamarina e outros (2002) respecto da imaxe que dos maiores posúen os membros do colectivo infanto-xuvenil consultados no seu estudio.

Podemos ser así, en primeiro termo, testemuñas de como neste amplo, diverso e complexo colectivo social a imaxe das persoas maiores emerxerá fundamentalmente a partir das experiencias persoais no seo da vida familiar. De aí que unha das primeiras pescudas de relevancia efectuadas por parte do grupo de investigación de Santamarina e outros (2002), puxo de manifesto que unha maior relación entre as cohortes (ou xeracións) propiciaba unha mellor imaxe das persoas maiores; mentres que a falta de relación, de contacto, mesmo de “roces”, auspiciaría o descoñecemento mutuo e unha maior subordinación ós estereotipos sociais.

Respecto da percepción que, en liñas xerais, posúen os cativos e cativas en relación ós maiores, os autores sinalan diferenzas entre nenos/as, adolescentes e mozos/as:

- Os nenos/as parecen posuír, segundo Santamarina e outros (2002:633) unha visión máis positiva dos maiores que outros segmentos de idade, definíndoos de xeito global como “divertidos, pacientes, amables e xenerosos”, se ben tamén consideran que son “antigos nos seus gustos, no seu aprecio pola cor negra e na súa falta de interese polas novas tecnoloxías -xogos electrónicos e novos soportes informáticos-“. Segundo parece, a evidencia do deterioro físico non lles afasta deste grupo social, non sinalando tampouco especial distanciamento polas súas peculiares formas de emocionalidade e manifestando que as relacións entre ámbolos dous extremos xeracionais (nenos/as e maiores) é de alta intensidade, sustentada no afecto e na función de cuidadores que realizan as persoas maiores. Nós nos preguntamos a este respecto: manifestarase esta imaxe case bucólica ou, cando menos, certamente positiva do maior, nos materiais curriculares empregados nas nosas aulas? Tentaremos determinalo nun futuro próximo, mentres seguimos a incidir na importancia de transmitir uns valores axeitados respecto da avellentamento a tódalas xeracións, dende as máis tenras idades.

- No tocante ós preadolescentes e adolescentes, dicir que estes se erixirían, por contra, como o subsegmento xuvenil que máis conflitos presenta fronte ás persoas maiores, na medida en que serían eles os que máis destacarían as apreciacións negativas en relación á vellez, ata o punto de sinalar que, en xeral, son “aburridos, rosóns e cotillas”. Os membros deste grupo de idade parecen sopor-tan moi mal a tendencia a expresar “discursos morais -de moralidade tradicional para eles- por parte das persoas maiores ante todo o que fan”, fixándose e sinalando moi especialmente o deterioro físico coma un “sintoma pouco agradable para a convivencia e a relación”, resultándolles, en efecto, aspectos negativos da imaxe dos maiores, as engurras, o encorvamento ou as canas, e entendendo que a perda de forza e de vitalidade, propias do envellecemento, apuntan cara unha imaxe de decadencia das persoas, ó igual que a sensación de soidade e tristeza, que identifican como un “baixo apego á vida”. No eido privado das relacións entre estes dous sectores de idade é onde máis claramente expresiva se faría a conflictividade xeracional segundo Santamarina e outros (2002), xa que sería aí onde os adolescentes se sentirían socialmente observados e criticados, así coma por ser o ámbito onde *a reafirmación precaria da súa identidade xuvenil os afastaría abruptamente dos seus avós/as*, descendendo a anterior comunicación que posuían e quedando limitados os tipos de vencellamento entre ambos ós “continuos e mutuos desencontros”. Dicir tamén que, coincidindo co que ocorría no caso dos nenos/as, en ámbolos dous segmentos de idade (nenos/as e adolescentes), predominaría asemade a sensación de que as persoas maiores están “dominadas polo carácter autoritario e o anquilosamento en épocas pasadas”.
- Pola súa parte, os mozos/as consultados no estudio Santamarina e outros (2002) -con rapaces e rapazas de dezasete a dezanove anos-, parecerían posuír unha posición “moi comprensiva” da complexidade que implica a realidade das persoas maiores, moi conscientes da dificultade de “atopar xeitos de relación verdadeira con eles” e considerando que, en xeral, trátase dun colectivo “moi ben tratado pola sociedade e pola Administración”. *A falta de autonomía persoal* e a conseqüente *dependencia* dos sectores máis lonxevos serían os aspectos que considerarían máis conflictivos, negativos e difíciles, se ben recoñecerían que o groso das persoas maiores teñen acadado un moi bo nivel de normalización e integración social. Trataríase, por tanto, dunha imaxe relativamente positiva da figura do maior, que viría a contrastar fortemente e a enfrontaranse substancialmente, -tal e como veremos de seguido-, cos resul-

tados obtidos por Bazo (1992b) no seu estudio en torno á visión da ancianidade por parte dos mozos/as, así coma coa investigación xa mencionada de Fernández-Ballesteros e outros (1992) en relación ós mitos e estereotipos socialmente persistentes ó redor das persoas maiores e a vellez.

Por outra banda, Santamarina e outros (2002) detectaron un certo descoñecemento xeneralizado da complexa realidade social dos maiores por parte do colectivo infanto-xuvenil, se ben destacan que máis que unha mirada prexuzosa sobre os maiores, o que soe darse é unha “non mirada” sobre este colectivo que –especialmente para nenos/as e mozos/as– resulta moi afastado e diferente, de xeito que a posible “brecha” existente entre ámbolos dous segmentos de idade (novos e maiores) non implicaría, en principio, ningunha discriminación cara a vellez, senón unha sorte de fractura social que non se demarcaría só entre idades superiores e inferiores, senón tamén entre idades moi próximas e entre diferentes subculturas de idades.

En calquera caso, os resultados obtidos por Santamarina e outros (2002) non deixan de achegarse en considerable grao (aínda que con certas diferenzas) ós acadados por Bazo (1992b) na súa investigación ó redor da visión que da ancianidade se percibe a través dos mozos/as. A autora efectuou un estudio no País Vasco cunha mostra de estudantes universitarios, empregando: un test acerca dos estereotipos máis comúns sobre a vellez, os anciáns/ás, en xeral, e certas actitudes e expectativas en tanto que persoas novas destinadas a envellecer; e unha análise de contido dos relatos nos que os mozos/as describían e expresaban espontaneamente os sentimentos e relacións que mantiñan cos seus avós/as, así como a imaxe que lles suscitaban. Todo iso, para chegar á conclusión de que os mozos/as perciben a ancianidade dun xeito considerablemente negativo, contrastando coa imaxe idealizada que posúen dos seus avós/as (*clara diverxencia entre o ideal e o real*), observándose que cando a experiencia que posúen do trato cos seus avós/as non concorda coas imaxes sociais existentes sobre eles, tenden a considerar que se trata de feitos *estadisticamente anormais*. Así mesmo, segundo o estudio, os mozos/as entenderían que a vellez non é un tempo agradable da vida, asociándoa coa enfermidade e a falta de beleza, palpándose unha directa relación entre tales variables e o rexeitamento á propia futura vellez e aavoidade, así como un predominio dos coñecementos baseados nos estereotipos, percibíndose igualmente que, conforme a imaxe da vellez e dos avós/as é máis positiva, tenden a identificarse máis con eles.

Pero, afondemos un chisco máis nos suxestivos e reveladores resultados que ofrece Mª Teresa Bazo. Así, poderíamos comezar por destacar que os avós/as son percibidos, en xeral, de xeito positivo, identificándoos con

persoas “cariñosas, tenras, comprensivas, aforradoras, defensoras dos netos, simpáticas, chistosas, austeras, sacrificadas, prestas para a axuda, doces, suaves, elementos de unión familiar, transmisores de coñecementos útiles para a vida e vínculos co pasado” (Bazo, 1992b), se ben nos relatos da investigación tamén aparecen –aínda que en menor proporción–, expresións desta índole: “insoportable, egoísta, rosmón, presuntuoso, machista, dominante, roñoso, causante de conflito familiar ou desavinzas, sen vida, inerte, ou autoritario”. A pesar desa imaxe, en certo modo, equilibrada, entre os aspectos positivos e os negativos, non deixa de ser, sen embargo, palpable no estudio unha clara idealización da avoidade, xurdindo descrições que identifican ós avós como “xeniais, divertidos ou chistosos”, e ás avoas como “cariñosas, graciosas ou encantadoras”, que non deixan de ser reflexo tamén da forza das imaxes sociais positivas que se asocian ós avós/as. Sen embargo, dita imaxe globalmente positiva da avoidade contrasta fortemente coa que os mozos/as posúen respecto da ancianidade e das persoas anciás. Así, constátanse algúns datos certamente negativos respecto da percepción que os membros dos colectivos máis novos posúen respecto dos seus maiores, e a presenza de considerables estereotipos negativos nese senso:

- Segundo o estudio de Bazo (1992b), a maioría dos mozos/as consultados consideran que “coa idade experimentase un declive na intelixencia”, cando as investigacións máis recentes demostran que os deterioros de importancia nas principais formas de intelixencia só se observan a partir dos oitenta anos e, obviamente, non de xeito xeneralizable, tal e como sinala a autora.
- Así mesmo, os mozos/as parecen considerar, con maior ou menor convicción, que “a capacidade para aprender diminúe coa idade”, se ben diversos estudos demostran que sempre é posible aprender se se dan unhas condicións socioambientais favorables (tal e como ocorre a calquera idade).
- Nesa liña, os mozos/as consultados amosábanse maioritariamente de acordo coa afirmación de que “as taxas de enfermidade mental aumentan coa idade”, parecendo persistir na mentalidade xeral a idea da ancianidade unida á “chochez” e ó “desvarío”, cando os estudos demostran que aproximadamente un 90% do conxunto das persoas maiores atópanse en bo estado mental (Bazo, 1990:15).
- Por outra banda, o estudio pon de manifesto que, entre os mozos/as, a idea da ancianidade está unida á “decrepitude” e á “fealdade” (engurras, pelo gris, perda da liña, de axilidade...), estando a meirande parte dos rapaces/as consultados en con-

tra da afirmación de que “é fermoso ser vello”, crenza que, por outro lado, parece propia dunha sociedade onde se rende culto constantemente á xuventude e ó novo.

- Igualmente maioritaria é, entre os rapaces/as consultados, a opinión en contra de que “a vellez é un tempo da vida que resulta agradable”, crenza que contradí os datos coñecidos, que non caracterizan, nin moito menos, ás persoas maiores como persoas desgraciadas (Bazo, 1990:190; Campbell, 1981:176-204).

En definitiva, co estudo de Bazo (1992b) parece pórse de manifesto o descoñecemento xeral existente entre os mozos/as acerca da realidade social da vellez, que é percibida e imaxinada nunha situación peor da que obxectivamente se atopa, polo que a autora reivindica (e nós compartimos plenamente a súa postura) a necesidade de que o coñecemento sobre a vellez chegue a ser máis obxectivo entre a poboación en xeral (partindo dos cativos/as e chegando incluso ós propios maiores, pasando por mozos/as e adultos), a fin de que a percepción sobre a mesma chegue a ser máis positiva, realista e revalorizadora. Contemplaríase así a vellez sen temor, rexeitaríanse menos as súas implicacións e os anciáns/ás poderían chegar a ser vistos sen paternalismos nin menosprezo, conscientes de que se trata dun grupo de persoas que, compartindo certos trazos, son tan distintas entre si como o son outros segmentos de idade, de xeito que as diferenzas ou parecidos entre elas non suceden tanto por pertencer ó colectivo de idade de maiores de sesenta e cinco anos, canto polo seu estado de saúde, educación, ocupación, estilo de vida... e, pode que algo menos, por subgrupo de idade (Bazo:1992).

Teñamos en conta que, se ben outros estudos mencionados poñen de manifesto que gran parte da sociedade española actual contempla a vellez como unha realidade certamente heteroxénea, non deixan de persistir e mesmo reproducirse, tal e como demostra Bazo, unha serie de flagrantes estereotipos que cómpre desterrar do subconsciente e bagaxe cultural colectiva, e coidamos que só a través da educación poderemos chegar a acadar tal obxectivo. Coñecer, por exemplo, que a vellez non se asocia irremediabilmente á enfermidade, na medida en que depende sobre todo dunha serie de factores nos que se pode influír (estilos de vida, substancialmente), podería inducir ás persoas a contemplala con máis agrado, dun xeito máis positivo e, indubidablemente, realista, axudando, así mesmo, a tomar decisións de carácter individual e social que conducisen a experimentar unha vellez con maior calidade de vida. Non esquezamos que a maioría dos mozos/as consultados no estudo de Bazo (1992b) non consideran á vellez como un tempo agradable, vencellándoa prioritariamente cunha serie de enfermidades físicas e

mentais que fan que, en definitiva, os máis novos teman e rexeiten este período de idade. Considerar este período da vida como unha fase desagradable do ciclo vital, non conduce máis que a rexeitala e a non desealala para un mesmo, así como a non prevela (sendo as consecuencias de tal actitude perigosas para a propia persoa e para a sociedade en xeral).

Non podemos deixar de sinalar asemade que, ante o extenso e desesperanzador panorama de crenzas falsas existentes en torno ó envelentamento, coidamos esencial avanzar na liña -revalorizadora do concepto de vellez e de loita frontal contra os estereotipos ó redor do colectivo de anciáns/ás- proposta por diversas institucións internacionais, en tanto en canto, tal e como sinala Pinillos (1994:19), hoxe en día a loita contra os estereotipos e as falsas imaxes sobre a vellez é «un obxectivo da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e de organizacións tanto españolas -Imserso, organismos das Comunidades Autónomas e dos concellos- como estranxeiras».

Así mesmo, ó noso entender, é preciso posuír e defender unha visión obxectiva do concepto de vellez co fin de non influír negativamente sobre o propio proceso de envellecemento. En definitiva, e en palabras de Pinillos (1994: 20), hai que avogar pola idea de que «o home [e por extensión a persoa maior] non é un ser pasivo: é, por riba de todo, actividade, desexo, realización». Cremos que paga a pena loitar por esta idea e pola súa xeneralización no seo da sociedade. Evidentemente, isto levará tempo e implicará un grande esforzo e un exercicio de responsabilización compartida por parte dos múltiples axentes sociais, pero coidamos preciso difundir esa revalorizadora concepción de vellez, falar dela e desterrar os estereotipos negativos que seguen a proliferar ó redor das persoas maiores.

E quizais algún dos posibles medios idóneos para acadar tal obxectivo sexan precisamente os materiais curriculares e, por extensión, o ámbito escolar no seu conxunto, como plataforma de concienciación, estimulación crítica e difusión dunha concepción axustada, positiva e realista da ancianidade, entendida como meta última do desenvolvemento vital. En definitiva, reivindicamos a necesidade de que, tal e como defende e propón Bazo (1992b:71): “as políticas educativas deberían introducir nos seus programas unha educación para a vellez, [xa que] a escola debe educar para a vida”.

AS PERSOAS MAIORES NOS MATERIAIS CURRICULARES PAPEL DOS LIBROS DE TEXTO NA CONSTRUCCIÓN SOCIAL DA VELLEZ

En base a algunhas das definicións estereotipadas, percepcións sociais negativas e mitos pexorativos sobre a vellez que vimos de recoller e denunciar no punto anterior, e plenamente conscientes e sabedores -como xa testemuñamos- de que moitos deses estereotipos mantéñense vivos en-

tre numerosos sectores da cidadanía (e moi especialmente entre os máis novos), podemos deducir que nos atopamos, como sinalan Romans, Petrus e Trilla (2000:116), cun auténtico «problema de cognición social» ó redor da figura do maior. Un problema que tal vez se reflita nos materiais curriculares empregados nas aulas galegas e que, en todo caso, a través dos mesmos se poderá tamén tentar paliar, loitando contra o illamento xeneracional que en ocasións sofren os anciáns/ás no seo da sociedade.

En consecuencia, entendemos que os materiais curriculares deben recoller unha nova visión do envellecemento e a vellez, de tal xeito que o alumnado poida comprender en plenitude as diversas implicacións da problemática que hoxe en día xurde ó redor do colectivo das persoas maiores. Un colectivo que, a pesares de estar incrementando constantemente o seu volume, non ve en moitas ocasións satisfeitos os seus dereitos de participación e recoñecemento social, erixíndose ás veces como un grupo que sofre certo illamento xeracional e ó redor do cal se manteñen aínda numerosos estereotipos e percepcións negativas que non permiten o desenvolvemento dos seus roles sociais. Estereotipos que, por tanto, cómpre paliar, evitando que sexan adquiridos e reproducidos polos máis novos e tentando igualmente substituílos por visións realistas, axustadas e positivas da vellez.

Coidamos que é necesario que os materiais curriculares e, en concreto, os materiais curriculares impresos (os libros de texto), colaboren no desenvolvemento dunha actitude crítica e reflexiva por parte do profesorado e alumnado ante a situación que os nosos maiores están a vivir na sociedade, ante o trato que socialmente reciben e o que deberían recibir, ante a imaxe socialmente aceptada da vellez, ante a necesidade de recuperar ós maiores como forza social en tanto que posuidores dunha inestimable bagaxe de coñecementos e experiencias ós que non se debe renunciar nin desprezar, sen caer asemade, en modo algún, no paternalismo ou a idealización absurda e irreal desa etapa do ciclo vital.

Consideramos posible e necesario asumir o desafío de transmitir, dende o marco escolar en xeral, e os materiais curriculares en particular, unha nova concepción da vellez, superando unha valoración subxectiva e parcial da mesma (limitada á consideración despectiva do feito cronolóxico), e substituíndoa por unha visión integral, que atenda á totalidade dimensional da persoa, desligándoa definitivamente do deterioro físico e mental, da desvinculación social... en tanto que ese tipo de definicións non fan máis que xerar na xente maior actitudes de resignación e apatía que frean as posibles iniciativas deste colectivo no senso de manterse socialmente activas. Unha definición positiva, e non determinada pola desvinculación ou a precariedade, que axude ás persoas maiores a adoptar unha actitude máis activa, como cidadáns de pleno dereito.

Por tanto, coincidimos plenamente con Romans, Petrus e Trilla (2000:112) cando sinalan que «o concepto de persoa maior é un problema de infancia, de xuventude, de educación e de curriculum», en tanto que é no traballo de concienciación dirixido a eses colectivos de idade máis novos e a través dos medios e escenarios educativos -tanto formais como non formais-, onde radica a esencia da conceptualización de vellez que os membros máis novos da sociedade manexen e, por tanto, de onde dependen as expectativas que estes posúan en torno ós seus maiores (mesmo determinando, en boa medida, o trato que lles darán no presente e no futuro). En definitiva, da conceptualización e imaxe da ancianidade que a través do marco educativo se transmita ó alumnado, dependerán en certo sentido as accións sociais e educativas que ós maiores se dirixan no futuro dende os sectores máis novos da sociedade. De aí a importancia fundamental de empregar todos os medios que sexa posible -incluídos por suposto os materiais curriculares- para tentar transmitir dende o marco escolar unha visión axeitada, positiva e realista da lonxevidade e denunciar a súa problemática como realidade social, en tanto que grupo relativamente illado e en moitas ocasións vítima dunha certa degradación social e marxinación, consecuencia da precaria e negativamente estereotipada conceptualización que unha gran parte da sociedade posúe das persoas maiores (e aínda a pesar dos considerables logros acadados nos últimos anos no empeño por mellorar dende diversos ámbitos a situación social dos maiores, as súas condicións de vida e as súas oportunidades lúdicas e formativas).

Os materiais curriculares poden erixirse así en instrumentos de sensibilización e ferramentas de concienciación e formación de cara á necesidade de erradicación das aínda existentes situacións de precariedade que sofren moitos dos nosos maiores, converténdose en piares clave no desenvolvemento de actitudes de respecto e consideración positiva cara os anciáns/ás, ó tempo que en transmisores dunha visión revalorizadora da función social que os maiores poden e deben desempeñar.

Como xa temos sinalado, se ben a vellez implica certas limitacións, tamén supón, en contraposición, a potenciación doutras facultades como a «experiencia, tranquilidade, visión de xustiza...» (Romans, Petrus e Trilla, 2000:113), facultades que é preciso tomar en consideración á hora de conceptualizar e presentar unha visión da lonxevidade dende os materiais curriculares, considerando ás persoas maiores como axentes altamente valiosos para o conxunto da sociedade, como auténtico capital cultural da mesma, que é preciso revalorizar.

Por iso, o noso propósito fundamental -no marco da nosa investigación- é o de traballar en torno á temática presentada para tentar descubrir o tipo de visión que da vellez amosan algúns dos materiais curricu-

lares manexados nas nosas escolas. Móvenos por tanto o ambicioso obxectivo (a través dun camiño que se perfila longo) de inquirir o tipo de imaxe que da vellez se recolle nos materiais curriculares impresos de Galicia, e determinar en qué medida se cumprirían nos mesmos os supostos de Romans, Petrus e Trilla (2000:113), quen sinalan que «se nalgunha ocasión [...] asoma a vellez nos libros de texto dos nosos centros escolares, a súa imaxe responde con frecuencia a certos tópicos (pasividade, extravagancia, inoperancia, desvinculación, saudade...)» o cal adquire unha relevancia fundamental en tanto ás repercusións negativas que para os maiores carrega, xa que «como consecuencia de todo elo, os propios anciáns/ás tenden a conformar a súa vida á condición e valoración que da vellez dá a sociedade na que viven».

Estes autores cuestiónanse igualmente sobre o tipo de imaxe que da xente maior se dá nos medios de comunicación, sobre a idea que das persoas maiores se transmite a través das institucións sociais e, en definitiva, sobre a imaxe que dos anciáns/ás se transmite a través da nosa cultura oficial, dentro da que se sitúan indefectiblemente os contidos dos materiais curriculares, asegurando que son mínimos os esforzos realizados a favor da dignificación da vida das persoas maiores a través destes medios e, en todo caso, que se trata de tentativas pouco acertadas.

Ó noso entender, da imaxe que das persoas maiores transmitan os materiais curriculares, dependerá en boa medida (e tendo en conta a indubidable influencia dos demais medios sociais xa sinalados), a visión que dese colectivo posúan os alumnos/as, as novas xeracións e, por extensión, os cidadáns integrantes das futuras sociedades. De aí a importancia fundamental que coidamos posúe a análise (e, de selo caso, optimización) dos materiais curriculares de Galicia, en tanto que canles transmisoras dunha determinada imaxe dos maiores que cómpre examinar. Unha imaxe que necesariamente debера erixirse en visión renovada e positiva, realista e revalorizadora da vellez, coherente con valores de respecto ás diferenzas propias da xente maior.

Consideramos, pois, preciso continuar o labor que levamos desenvolvendo no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago (actualmente concretado na miña Tese de Doutoramento) e analizar o modelo de vellez e envellecemento que dende o campo dos materiais curriculares se está a definir, pois entendemos que é relevante preguntarse se a imaxe que ós rapaces/as chega das persoas maiores é unha imaxe de soidade, desvinculación ou pasividade (inspirada nos estereotipos denunciados no punto anterior) ou se, polo contrario, se están a erixir como piares reivindicadores do necesario protagonismo dos maiores no seo da sociedade.

Así mesmo, ó noso entender, resulta indispensable avogar porque os materiais curriculares non só se limitasen a recoller a figura dos anciáns/ás (independentemente de que esta se correspondera cunha conceptualización negativa e errónea da vellez), senón que sería preciso que a imaxe que deste colectivo se reflectira se identificase necesariamente cunha imaxe positiva, realista e vitalista, afastada dos estereotipos negativos que a miúdo soen acompañar á concepción de avellentamento socialmente manexada.

Pero ademais, dende os materiais curriculares debería defenderse a necesidade dunha maior implicación social dos nosos vellos e vellas nos procesos comunitarios e, por ende, educativos, propoñendo e potenciando o deseño e posta en práctica de actividades interxeracionais que tomasen como vínculo de unión e eixo de referencia o propio marco escolar ou sociocomunitario, a prol da consecución dun maior desenvolvemento e enriquecemento de mozos/as e anciáns/ás.

Asemade, os materiais non deberían esquecer incluír os cambios que nos últimos tempos se teñen producido ó redor da revalorización do concepto de lonxevidade, sendo ademais preciso enfatizar a necesidade de que a referencia ós anciáns/ás non só se inclúa nos materiais dunha soa área, senón que debería ser atendida transversalmente dende todas as áreas do curriculum, entendendo como un valor a potenciar no alumno/a o respecto e a consideración positiva do rol social dos maiores. Os libros de texto deberían integrar e transmitir así unha consideración axustada, positiva e revalorizadora do avellentamento, como valor e tema transversal de indubidable importancia, xa que, segundo sinalan Romans, Petrus e Trilla (2000:119), necesariamente:

«...o proceso de envellecemento debería converterse nun contido escolar, xa que informar ós mozos e mozas acerca dos cambios que se dan ó longo da vida pode axudar a mellorar as relacións interxeracionais e facilitar a comprensión de cómo son as persoas maiores [...]. Se a educación capacita para vivir cos outros, para comunicarnos, para comprender e entender qué é a sociedade e axudar ás persoas que nela viven, debería contemplar tamén a realidade dos maiores».

En definitiva, consideramos que sería preciso, pois, que os materiais curriculares de Galicia (algúns dos cales están a ser obxecto da nosa análise actual pola nosa parte) se convertesen en auténticas canles transmisoras dunha conceptualización da vellez entendida como valor positivo, como meta do desenvolvemento humano, facendo especial fincapé nas dimensións revalorizadoras da independencia, a participación, a autorrealización e a dignidade das persoas maiores. Nesa liña e con esa fonda convicción, seguiremos a traballar con ilusión no marco da nosa investigación.

BIBLIOGRAFÍA

- Bazo, M^a.T. (1992a). *La ancianidad del futuro*. Barcelona: Fund. Caja Madrid.
- Bazo, M^a T. (1992b). *La ancianidad a través de los/as jóvenes*. *Revista de Sociología Papers*, 40, 57-73.
- Bazo, M^a.T. (1995). *El reto del envejecimiento: una reflexión sociológica*. *Revista Española de Geriatría y Gerontología*, 30, 95-97.
- Beauvoir, S. (1983). *La vejez*. Barcelona: Edhasa.
- Campbell, A. (1981). *The Sense of Well-Being in America: Recent Patterns and Trends*. Nova York: McGraw-Hill Book.
- Cummings, E. e Henry, W. (1961). *Growing Old: The Process of Disengagement*. New York: Basic Books.
- Dychtwald, K. e Leach, C. (1990). *The Age Wave. Global Update*, vol.1, 2, 12-18.
- Fernández-Ballesteros, R. (1992). *Mitos y realidades sobre la vejez y la salud*. Barcelona: SG Editores.
- Fernández-Ballesteros, R. (1996). *Psicología del envejecimiento: crecimiento y declive*. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid.
- Fernández-Ballesteros, R. (dir.) (2000). *Gerontología Social*. Madrid: Pirámide.
- García Martínez, A. e Del Cerro del Valle, J. (1996). *Teoría y política de la tercera edad: algunas reflexiones críticas*. *Pedagogía Social*, 13, 17-34.
- Kart, C.S. (1990). *The realities of aging: an introduction to gerontology*. Boston: Allyn and Bacon.
- Medina Fernández, O. (1997). *Modelos de educación de personas adultas*. Las Palmas de Gran Canaria: El Roure Editorial, S.A.
- Ministerio de Asuntos Sociales (1990). *La tercera edad en Europa. Necesidades y demandas*. Madrid: Imserso. Ministerio de Asuntos Sociales.
- Ministerio de Asuntos Sociales (1991). *Jornadas de tercera edad y medios de comunicación social*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales.
- Montorio, I. e Izal, M. (1991). *Cuestionario sobre estereotipos hacia la vejez. Edición experimental*. Trabajo non publicado. Facultad de Psicología. Universidad Autónoma de Madrid.
- Pinillos, J.L. (1994). *Mitos y estereotipos, los mayores que vienen*. En Pinillos, J.L.; Miguel, A.; Fisac, M.; López Aranguren, J.L.; Fuentes, J.V.; Guillén, F. e outros (Eds.). *Una aproximación pluridisciplinar al entorno de la vejez*. Madrid: S.G. Editores.
- Rodríguez Rodríguez, J. (coord.) (2003). *Materiais curriculares e diversidade sociocultural en Galicia*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Romans, M.; Petrus, A. e Trilla, J. (2000). *De profesión: educador(a) social*. Barcelona: Paidós.
- Rubio e outros (1999). *Estudio transcultural sobre estereotipos relacionados con la vejez en España y Chile*. *Geriatría*, 15, 7.
- Salvarezza, L. (comp.) (1998). *La vejez. Una mirada gerontológica actual*. Buenos Aires: Paidós.
- Santamarina, C. e outros (2002). *Percepciones sociales sobre las personas mayores*. Madrid: IMSERSO.

- Vega, J.; Bueno, B. (1995). *Desarrollo Adulto y Envejecimiento*. Madrid: Síntesis.
- Zapico Barbeito, Zapico Barbeito, M^a H. (2003). *A Terceira Idade nos Materiais Curriculares de Galicia*. Tráballo Academicamente Dirixido. Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Universidade de Santiago de Compostela.
- Zapico Barbeito, M^a H. e Rodríguez Rodríguez, J. (2004). *Materiales didácticos para personas mayores*. *Cuadernos de Pedagogía*, 338, 39-43.
- Zapico Barbeito, M^a H. (2006). *As persoas maiores nos materiais curriculares impresos de Galicia. Unha aproximación inicial*. Tesiña de Licenciatura. Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Universidade de Santiago de Compostela.
- Zapico Barbeito, M^a H. (2006). *Persoas maiores, materiais curriculares e escola. Análise da presenza da vellez nunha mostra de libros de texto de Galicia*. Tráballo de Investigación Tutelado. Santiago de Compostela.
- Zapico Barbeito, M^a H. (2006). *Os nosos vellos e vellas na familia*. *Revista Galega de Educación*, 36, 57-59.
- Zolotov, D. (2002). *Creatividad en personas mayores*. En Aguirre, J.A. (Ed.) *Revista informativa de Matia Fundazioa*. San Sebastián: MATIABERRI.

•

M^a Helena Zapico Barbeito é Licenciada en Pedagogía, Diplomada en Educación Social e Experta en Xerontoloxía Social. Traballa como investigadora no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente está mergullada no desenvolvemento da súa Tese Doutoral, labor que compaxina coa participación en múltiples proxectos de investigación, a asunción de tarefas docentes de diversa índole, a publicación de artigos ou a presentación de comunicacións e ponencias no marco de congresos e eventos científicos de carácter nacional e internacional. E-mail: helenazb@usc.es